

**3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA**

**INSTRUCCIÓN:**

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**



1. Cal das seguintes palabras é incorrecta en galego?

- A) Móbil.
- B) Abó.
- C) Aboar.
- D) Vidente.

2. Como se denomina o nó ou vulto que forman as articulacións dos dedos ao se dobraren?

- A) Cóbado.
- B) Cotelo.
- C) Xeonllo.
- D) Deda.

3. Como se denomina á ferramenta de labranza con dúas gallas ou dentes?

- A) Vidente.
- B) Bidente.
- C) Dioiva.
- D) Biela.

4. Sinale a opción incorrecta:

- A) O xerme.
- B) A sangue.
- C) A inxección.
- D) A diálise.

5. Sinale o significado correcto do termo "inmorredoiro":

- A) Non existe ese termo en galego; trátase dun vulgarismo.
- B) Que non morre, que vive para sempre.
- C) Botánica. Que non murcha.
- D) Chuvia moi abundante e corrente que orixina.

6. Significado correcto do termo "afouteza":

- A) Disposición do espírito que leva a actuar ou a acometer calquera empresa sen temor aos perigos ou dificultades.
- B) Diversión buliciosa e esaxerada.
- C) Chuvia miúda.
- D) Necesidade de facer algo o antes posible.

7. Como se denomina a parte lateral da cabeza, entre a parte superior da órbita do ollo e a orella?

- A) Tempa.
- B) Sen.
- C) Vidalla.
- D) Todas as respostas son correctas.

**8. Sinala o termo incorrecto:**

- A) Estrito.
- B) Afeción.
- C) Infección.
- D) Séptico.

**9. Sinala a palabra correcta en galego:**

- A) Calaveira.
- B) Abogado.
- C) Boda.
- D) Esvelto.

**10. Como se traduce ao galego a palabra "ardilla"?**

- A) Toupa.
- B) Ardilla.
- C) Esquío.
- D) Ningunha é correcta.

Preguntas de reserva

**1. Que árbore dá cereixas?**

- A) O bidueiro.
- B) O ameneiro.
- C) A nogueira.
- D) A cerdeira.

**2. Cal destes números é un cardinal?**

- A) Cuarto.
- B) Triplo.
- C) Sete.
- D) Docena.